

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 11 de setembro de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública o anteproxecto da obra e explotación dunha área de servizo no punto quilométrico 80 da AG-53 (clave OU/03/042.01.5.4).

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, con data do 28 de xullo de 2017, resolve:

1. Aprobar provisionalmente o anteproxecto da obra e explotación dunha área de servizo no p.q. 80 da AG-53, de clave OU/03/042.01.5.4.

2. Someter o anteproxecto a información pública, de acordo co artigo 129.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público durante un período dun mes, contado a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que se poidan formular cantas observacións se consideren oportunas sobre a localización e características da obra, así como calquera outra circunstancia referente á súa declaración de utilidade pública.

3. Someter o anteproxecto a información pública, de acordo co artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que se poidan formular cantas observacións se consideren oportunas sobre a concepción global do trazado.

4. A exposición ao público realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Ourense (rúa Sáenz Díez, 1, 32071 Ourense) e no Concello de Maside (praza Maior, 1, 32570 Maside-Ourense). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópase á disposición dos interesados o documento completo do anteproxecto sometido a información pública.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: onvhtee1-gpg2-af15-gj58-3cv2sdlbth2

